



## INFORME-PROPOSTA

Mediante resolución da Directora de Turismo de Galicia de 17 de abril de 2018 concedeuse unha subvención ao abeiro da *Resolución do 2 de xaneiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018* (DOG Nº 22 de 31/01/2018), que cubre a totalidade dos custos laborais da contratación dun/unha técnico en turismo.

Co obxecto de realizar esta contratación, PROPONSE a aprobación das seguintes bases:

### **“BASES PARA A SELECCIÓN DUN/UNHA INFORMADOR/A TURÍSTICO/A DO XEODESTINO FERROLTERRA-RÍAS ALTAS NO VERÁN DE 2018.**

#### 1. Obxecto

Estas bases teñen como finalidade a determinación do sistema de selección para o contrato baixo a modalidade obra ou servizo, a xornada completa, cunha duración prevista de 2 meses conforme a data de fin das accións (15 de setembro de 2018), ao abeiro da *Resolución do 2 de xaneiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018* (DOG Nº 22 de 31/01/2018).

#### 2. Funcións a desenvolver e condicións do posto.

A persoa contratada realizará as funcións de informador/a do xeodestino turístico Ferrolterra-Rías Altas na oficina de turismo de Neda.

O ámbito territorial do Xeodestino turístico Ferrolterra-Rías Altas, conforme a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia comprende os concellos de Ares, Cabanas, A Capela, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Mugar dos, Narón, Neda, Ortigueira, Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño, As Somozas, Valdoviño e Vilarmaior.

Polas características do posto, o horario de traballo poderá incluír fins de semana e festivos, e contéplase que o/a informador/a turístico atenda o stand do xeodestino turístico Ferrolterra-Rías Altas durante eventos puntuais de interese turístico noutras localizacións do concello de Neda ou noutros municipios do Xeodestino, sen que o traballador/a exceda o cómputo de 37 horas e media



semanais e respectando os descansos establecidos por lei. Os gastos de desprazamento, dietas ou axudas de custo derivados desta actividade enténdese comprendidos no salario do traballador/a, que será superior a 1.800,00 € brutos mensuais (ata un máximo de 1.837,28 €) incluída a parte proporcional das pagas extras.

### 3. Requisitos das persoas candidatas.

De acordo co artigo 1 das bases reguladoras da subvención (Resolución de 02/01/18 da Axencia Turismo de Galicia), O persoal que se contrate deberá estar en posesión dalgún dos seguintes títulos: técnico superior en Información e Comercialización Turística ou técnico superior en Guía, Información e Asistencia Turística; técnico en Empresas e Actividades Turísticas, ou grao ou diplomado/a en Turismo ou equivalente homologado ou ben contar coa habilitación de guía de turismo.

Como medida de fomento do emprego, o persoal que se contrate deberá figurar como desempleado, ou demandante dunha mellora de emprego, no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Ademais do anterior requírese permiso de conducción B1 e dispoñibilidade de vehículo propio; nivel de Galego CELGA 4 ou superior; e nivel medio-alto de paquete de Office;

### 4. Sistema de selección

#### Fase A. Pre-selección de candidatos a través do servizo público de emprego.

Os candidatos participantes no proceso serán preseleccionados polo Servizo Público de Emprego conforme oferta de emprego presentada pola Mancomunidade de acordo cos requisitos anteriores.

As persoas preseleccionadas requiriráselles no prazo de dous días a presentación dunha instancia acompañada de **curriculum vitae ADAPTADO aos criterios de valoración de méritos**, xunto cos documentos acreditativos dos méritos obxecto de valoración e dos requisitos. No caso da dispoñibilidade de vehículo propio e nivel de informática enténdese que as persoas candidatas son responsables do cumprimento destes requisitos pola mera participación no proceso, polo que non se requirirá acreditación documental.

#### Fase B. Valoración de méritos

A Comisión valorará os méritos dos candidatos conforme ao seguinte baremo:

##### **Formación (Máximo 4 puntos):**

- Diplomatura en turismo: 2 puntos
- Grao en turismo: 2,5 puntos (no caso de que a persoa interesada acredite a diplomatura e o grao en turismo soamente se puntuará o grao)
- Máster ou posgrao en turismo: 1,5 puntos

##### **Idiomas estranxeiros (Máximo 3 puntos):**

- Certificado ou diploma acreditativo de Inglés:
  - B2: 0,5 puntos.
  - C1: 1 puntos.
  - C2: 1,5 puntos.

INFORMADO FAVORABLEMENTE  
POR SECRETARÍA XERAL

Ferrol 27 XUN 2018

O SECRETARIO XERAL



- Certificado ou diploma acreditativo dun segundo idioma:
  - nivel B2: 0,5 puntos.
  - nivel C1: 1 puntos.
  - nivel C2: 1,5 puntos.
- Certificado ou diploma acreditativo dun terceiro idioma:
  - nivel B2: 0,5 puntos.
  - nivel C1: 1 puntos.
  - nivel C2: 1,5 puntos.

De cada idioma soamente se puntuará o diploma ou certificado correspondente ao nivel máis alto alcanzado.

A estes efectos consideraranse os sistemas de acreditación recollidos na táboa de equivalencias anexa.

### **Experiencia:**

Experiencia profesional en postos de traballo, na Administración pública ou na empresa privada ou como profesional autónomo, como informador turístico: 0,20 puntos por mes de servizo completo ou fracción superior aos 15 días (ata un máximo de 4 puntos)

Cando o contrato sexa a media xornada ou superior contabilizarase como se fose xornada completa. Se o contrato fose inferior a media xornada non se valorará.

Debe aportarse certificado de vida laboral acompañado de copias auténticas dos contratos de traballo que inclúan a descrición do traballo realizado ou ben certificado de servizos prestados.

### **Fase C. Entrevista**

Será realizada polo Comisión de Selección, que valorará os seguintes aspectos demostrados pola persoa candidata:

- Coñecemento dos recursos, servizos e produtos turísticos do Xeodestino Ferrolterra-Rías Altas.
- Principios da xestión da oficina e atención ao público.
- Colaboración con outras oficinas e puntos de información turística no Xeodestino.
- Capacidade de comunicación.

Nesta fase poderase outorgar un máximo de 3 puntos.

### **5. Comisión de selección**

A comisión de selección estará composta por:

— Presidente: Un/unha funcionario/a do concello de Ferrol que cumpra os requisitos recollidos no artigo 60.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público e o artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia.

— Vogais: Tres persoas designadas por tres concellos da Mancomunidade que cumpran os requisitos recollidos no artigo 60.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro,



por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público e o artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia.

- Secretario: O Secretario da Mancomunidade.

A comisión será asesorada polo Xerente da Mancomunidade, limitándose a cuestións técnicas actuando con voz e sen voto.

## 6. Publicidade

As presentes bases serán comunicadas a todos os concellos do Xeodestino e publicadas no taboleiro de anuncios da web da Mancomunidade [www.comarcaferrolterra.es](http://www.comarcaferrolterra.es) e na do concello de Ferrol [www.ferrol.es](http://www.ferrol.es) . En ambos taboleiros publicarase tamén a convocatoria de entrevistas e o resultado do proceso.

Ferrol, 20 de xuño de 2018  
O Xerente da Mancomunidade

Asdo.: Luis Alcalá Baillie

Fiscalizado e Conforme,  
O Interventor

Asdo.: Vicente Calvo del Castillo

## DECRETO

Logo de ver a anterior proposta, apróboa nos seus termos.

Así o manda e asina o Presidente da Mancomunidade, en Ferrol, a

27 XUN. 2018

27 XUN 2018

O Presidente da Mancomunidade

Ante min, o Secretario



INFORMADO FAVORABLEMENTE  
POR SECRETARÍA XERAL

Ferrol, 27 XUN 2018

O SECRETARÍO XERAL

Mancomunidad Concellos da Comarca de Ferrol



**ANEXO: TÁBOA DE ACREDITACIÓN E EQUIVALENCIAS DE IDIOMAS CON RESPECTO AO MARCO EUROPEO DE REFERENCIA DAS LINGUAS**

	A1	A2	B1	B2	C1	C2
<b>Alemán</b>	Start Deutsch 1 Fit in Deutsch 1 1er curso Nivel Básico EOI	Start Deutsch 2 Fit in Deutsch 2 2º curso Nivel Básico EOI	Zertifikat Deutsch (ZD) Zertifikat Deutsch für Jugendliche (ZDJ) TestDAF Niveaustufe 3 (TDN3) (B1 +) Certificado Ciclo Elemental EOI Certificado de Nivel Intermedio EOI	Goethe Zertifikat B2 TestDaF Zertifikat Deutsch für den Beruf (ZDB) Prüfung TestDAF Niveaustufe 4 (TDN4) (B2 +) Certificado Ciclo Superior EOI Certificado de Nivel Avanzado EOI	Goethe Zertifikat C1 TestDaF Prüfung Wirtschaftsdeutsch International (PWD) TestDAF Niveaustufe 5 (TDN5)	Zentrale Oberstufen- prüfung (ZOP) Kleines Deutsches Sprachdiplom (KDS) Großes Deutsches Sprachdiplom (GDS)
<b>Chino</b>	HSK I 1er curso Nivel Básico EOI	HSK II 2º curso Nivel Básico EOI	HSK III Certificado Ciclo Elemental EOI Certificado de Nivel Intermedio EOI	HSK IV Certificado Ciclo Superior Certificado de Nivel Avanzado EOI	HSK V	HSK VI
<b>Francés</b>	Diplôme d'Études en Langue Française (DELF A1) 1er curso Nivel Básico EOI	Diplôme d'Études en Langue Française (DELF A2) CEFP 1 (AF) 2º curso Nivel Básico EOI	Diplôme d'Études en Langue Française (DELF B1) CEFP 2 (AF) Certificado Ciclo Elemental EOI Certificado de Nivel Intermedio EOI	Diplôme d'Études en Langue Française (DELF B2) Diplôme de Langue Française (DLF) DFP Affaires B2 Certificado Ciclo Superior EOI Certificado de Nivel Avanzado EOI	Diplôme Approfondi de Langue Française (DALF C1) Diplôme Supérieur d'Études Françaises Modernes (DS) DFP Affaires C1	Diplôme Approfondi de Langue Française (DALF C2) Diplôme de Hautes Études Françaises (DHEF) DFP Affaires C2
<b>Inglés</b>	GESE 2 Nivel 2 (MOE-FUR) 1er curso Nivel Básico EOI	Key English Test (KET), Young Learners, BULATS 1 ISE 0, GESE 3 y 4 IELTS 3.0 Nivel 4 (MOE-FUR) 2º curso Nivel Básico EOI	Preliminary English Test (PET), BEC 1, BULATS 2, Trinity ISE I Trinity GESE 5 y 6, TOEFL 45-60/133- 170/450-497 IELTS 4.0/4.5 Nivel 6 (MOE-FUR) Certificado Ciclo Elemental EOI Certificado de Nivel Intermedio EOI	First Certificate in English (FCE), BEC 2, BULATS 3, ILEC, ICFE Trinity ISE II Trinity GESE 7, 8 y 9 TOEFL 61-79/173- 210/500-547 IELTS 5.5/6.0 Nivel 10 (MOE-FUR) Certificado Ciclo Superior EOI Certificado de Nivel Avanzado EOI	Certificate in Advanced English (CAE), BEC 3, BULATS 4, ILEC, ICFE Trinity ISE III, Trinity GESE 10 y 11 TOEFL 80-120/213- 247/550-597 IELTS 6.5/7.0 Nivel C1 E.O.I	Certificate of Proficiency in English (CPE), BULATS 5, Trinity ISE IV, Trinity GESE 12 TOEFL 120/250- 300/600-677 IELTS 7.5+
<b>Italiano</b>	Certificazione di Italiano come Lingua Straniera (CILS A1) Diploma Elementare di Lingua Italiana (DELI), PLIDA A1 1er curso Nivel Básico EOI	Certificazione di Italiano come Lingua Straniera (CILS A2) Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana Livello 1 (CELI 1) PLIDA A2 2º curso Nivel Básico EOI	Certificazione di Italiano come Lingua Straniera (CILS B1) Diploma Intermedio di Lingua Italiana (DILI/DILC) Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana Livello 2 (CELI 2) PLIDA B1 Certificado Ciclo Elemental EOI Certificado de Nivel Intermedio EOI	Certificazione di italiano come Lingua Straniera (CILS B2) Diploma Intermedio II di Lingua Italiana (DILI II) Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana Livello 3 (CELI 3) PLIDA B2 Certificado Ciclo Superior EOI Certificado de Nivel Avanzado EOI	Certificazione di Italiano come Lingua Straniera (CILS C1) Diploma Avanzato di Lingua Italiana (DALI/DALC) Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana Livello 4 (CELI 4) PLIDA C1	Certificazione di Italiano come Lingua Straniera (CILS B2) Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana Livello 5 (CELI 5) PLIDA C2
<b>Portugués</b>	1er curso Nivel Básico EOI	Certificado Inicial de Portugués Lingua Estrangeira (CIPLE) 2º curso Nivel Básico EOI	Diploma Elementar de Portugués Lingua Estrangeira (DEPLE) Certificado Ciclo Elemental EOI Certificado de Nivel Intermedio EOI	Diploma Intermedio de Portugués Lingua Estrangeira (DIPLE) Certificado Ciclo Superior EOI Certificado de Nivel Avanzado EOI	Diploma Avanzado de Portugués Lingua Estrangeira (DAPLE)	Diploma Universitário de Portugués Lingua Estrangeira (DUPELE)
<b>Ruso</b>	1er curso Nivel Básico EOI	Test of Russian as a Foreign Language (TORFL/TPKI B) Basico/Bazoviy 2º curso Nivel Básico	Test of Russian as a Foreign Language (TORFL/TPKI I) Primer/Perviy Certificado Ciclo Elemental EOI Certificado de Nivel Intermedio EOI	Test of Russian as a Foreign Language (TORFL/TPKI II) Segundo/Vtoroy Certificado Ciclo Superior EOI Certificado de Nivel Avanzado EOI	Test of Russian as a Foreign Language (TORFL/TPKI III) Tercero/Tretiy	Test of Russian as a Foreign Language (TORFL/TPKI IV) Cuarto/Chetveriy

As acreditacións FCE, CAE e CPE de Inglés refírense ás expedidas por Cambridge. O certificado TELC (The European Languages Certificates) recoñécese a efectos de acreditación do distintos niveis de idioma.